

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

 EDICIONES
COMPLUTENSE<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57669>

VV.AA. (2017) (ed.): *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares* 40. Ourense: Deputación Provincial Ourense, 166 pp.

Este ano o Día das Letras Galegas estivo dedicado a un dos persoeiros máis activos e polifacéticos da nosa historia: a do escritor Carlos Casares. Así, co seu anuncio, non se fixeron agardar diferentes iniciativas co fin de renderlle homenaxe a súa figura e de dar a coñecer a relevancia que supuxo o labor desenvolvido polo escritor ourensán para as nosas letras e para a nosa cultura. Unha destas iniciativas foi levada a cabo por *Raigame*, unha revista dedicada principalmente á difusión da cultura popular galega, que decidiu dedicarlle o seu último número (o 40) a este persoeiro.

Desta maneira, e tal como se reflicte na primeira páxina da revista, as persoas colaboradoras que contribuíron neste número de *Raigame* partiron de diferentes perspectivas, polo que dentro da revista podemos atopar artigos moi variados, desde traballos de investigación ata traballos de creación, que responden a un mesmo fin: servir de punto de referencia para os lectores e para os estudos literarios.

Ademais desta finalidade, *Raigame* tamén se preocupou para que este número contivese unha visión crítica, polo que se considerou que para conseguir este obxectivo os colaboradores deberían tamén ser persoas “contemporáneas ao escritor e que tivesen colaborado estreitamente con el, pero de menor idade” (p. 5). Así, a revista, dirixida por Mariló e Xulio Fernández Senra, coordinada polo secretario da Fundación Carlos Casares, Gustavo Adolfo Garrido, e editada pola Deputación de Ourense, conta con importantes colaboradores como a contribución da investigadora Laura Piñeiro Pais, co artigo “O nacemento dun escritor: Carlos Casares na década dos sesenta”, no que relata os primeiros pasos de Casares no eido da poesía e como xa na década dos setenta se decanta polas primeiras obras escritas

principalmente en prosa; a da doutora Carmen Mejía Ruiz cun artigo titulado “Carlos Casares: o artesan da palabra”, no que fai un repaso e unha análise pola narrativa casariana, caracterizada pola renovación formal e a pluralidade temática, dentro da cal cabe destacar o existencialismo e a emotividade como dous dos alicerces fundamentais nos que sustenta a súa escrita (pp. 18-20); a da escritora Inma López Silva, a través dun relato inquietante titulado “O home enfronte”; a achega do poeta Luís González Tosar con “Carlos Casares e a súa obra. Unha entrevista recuperada”, na que podemos atopar claves para coñecermos un pouco máis certos acontecementos, a personalidade e mesmo a opinión de Luís González Tosar acerca do autor (p. 101); ou a presenza do poemario *Las campanas de Santiago. En memoria de Carlos Casares*, escrito da man dun dos amigos máis próximos ao homenaxeado, Lasse Söderberg: “Bien sabías y escribiste: no hay retorno, / no hay consuelo ni refugio, no hay camino de vuelta” (p. 133).

Por tanto, a revista conta con nomes de gran relevancia, o que supón encontrarmos nela un compendio de voces autorizadas no ámbito da literatura e da investigación. Ademais dos autores que agora foron mencionados, tamén participan neste número outras persoas que contribuíron certamente a completar e a homenaxear a vida e obra de Carlos Casares. Deste xeito, a poeta Alba Cid encabeza a revista coa súa análise “*Paspallís Pío Pío Pían: Xan da Coba agazapado na obra infantil de Casares*”, na que estuda os personaxes que Casares deseñou nos seus contos infantís. O presente volume tamén conta coa colaboración da filóloga Dolores Villanueva Gesteira e o seu artigo “Conversa con Bieito Iglesias”, amigo do autor falecido. Tamén a profesora María López Sández achega un artigo titulado “Textura descritiva e espazos

literarios na produción narrativa de Carlos Casares”; ou Patricia Arias Chachero que nos proporciona certos datos do Casares biógrafo dalgunhas das grandes figuras da nosa literatura, como son Curros, Risco e Pedrayo, no artigo “Carlos Casares biógrafo. Algunhas achegas”. Completan este número, entre outros, os colaboradores Pilar Sampedro, quen reivindica Casares como un autor para os máis novos; Miguel Anxo Fernández, que no seu artigo “Carlos Casares e o cine” mostra o interese do autor por este ámbito e cal foi a influencia que o cine tivo na súa obra; ou Ana Luna Alonso co artigo “A proxección internacional da obra de Carlos Casares”, onde se describe tanto o labor de tradución que Casares realizou, como a tradución que se fixo da súa obra.

Desde o punto de vista da organización, o número responde a unha estrutura sinxela, precedida por un índice inicial, ao que lle suceden posteriormente os artigos dispostos a dobre columna e acompañadas de diversas e variadas fotografías –pertencentes aos arquivos da Fundación Carlos Casares, *Raigame* e Biblioteca

Deputación de Ourense– e imaxes relacionadas, que axudan a facer desta unha edición amena, fermosa e interesante. Finalmente, o número incorpora unha sección chamada “Bibliografía de Carlos Casares”, dividida conxuntamente o xénero literario no que se inscribe cada texto casariano; unha sección que consideramos un acerto pola súa evidente utilidade.

Debido á diversidade dos artigos e ao complemento fotográfico aos nos referimos, coidamos que este número da revista *Raigame* non só contribúe definitivamente aos estudos literarios, tal como eles mesmos se propuñan nun inicio, xa que a maioría dos artigos afondan na figura do escritor, senón que é axeitada para acadar un número amplo de lectores, debido precisamente a esa tónica perfecta entre didacticismo, sinxeleza e entretemento que podemos apreciar neste número tan especial.

Paula COUSILLAS PENA
 Universidad Complutense de Madrid
 paulacou@ucm.es